



## 1. Introducción

Una vez más, volve a “**Escola de Verán de Atletismo**” para ofrecer a posibilidade de poder **iniciarse** ou continuar coa **práctica do atletismo** nas vacacións. As **sesións** serán **adaptadas** aos diferentes **grupos de idade**, sendo para os máis novos, actividades de xogo orientadas as habilidades atléticas de carreiras, saltos e lanzamentos; mentres que os de idades superiores, levarán a cabo actividades máis específicas, coñecendo cuestións máis técnicas das diferentes disciplinas do atletismo.

## 2. Idade dos participantes e límite de prazas

Poderán participar os nenos e nenas **nados** entre os anos **2013 e 2019**. Haberá un límite de 45 prazas e un mínimo de 15 persoas para iniciar a actividade.

## 3. Lugar e horario **PENDENTE CONFIRMACIÓN**

A actividade levarase a cabo na **pista de atletismo do CGTD** situada na rúa Padre Fernando Olmedo s/n, e no **pavillón Municipal de Pontevedra** situado na rua Xoan Manuel Pintos, s/n. O horario da actividade será os **luns, mércores e xoves de 10:00 a 12:00 a.m.**

Os adestramentos **comezarán** o luns día 29/06/26 e **finalizarán** o xoves 23/07/26 ambos incluídos, no CGTD. Durante a semana do 6/07/26 ao 9/07/26 será no pavillón. Non haberá actividade os días festivos.

## 4. Inscricións

Realizaranse a través da APP Cluber, cubrindo os datos requeridos no enderezo: <https://app.cluber.es/clubes/238c438fcbe7b548f726628a36f0b8074395fb0b/pagos/69c4f423c8bf5039564996>

O período de **inscricións** **abrirá o 1 de xuño e pechará o 25 de xuño** ou, de ser o caso, cando se cubran as prazas dispoñibles.

## 5. Cuota

- 30€ para os nenos e nenas vinculados a escola club **SGP durante o curso 25/26**.
- 50€ para aqueles/as que **non** estiveron **vinculados**.

Os **pagos** deberán realizarse con tarxeta de crédito a través da aplicación Cluber no momento da inscrición.

## 6. Seguro de accidentes

**Todos/as** os participantes contarán con seguro de accidentes deportivo.